



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

1

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de xuño de 2018



APPEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e dous de xuño do ano dous mil dezaoto, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, dona Ana M.ª Villarino Pardo, e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de que teña lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.

Non asiste o deputado provincial don Pablo Pérez Pérez, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 15 DE XUÑO DE 2018.-

Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día quince de xuño de dous mil dezaoto, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2018, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL N.º 90/POS/2018, NO TERMO MUNICIPAL DE

VILAMARTÍN DE VALDEORRAS.- Á vista da solicitude formulada polo Concello de Vilamartín de Valdeorras, e tendo en conta o informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte acordo:

Modifica-lo Plan (principal) provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2018 no relativo ó Concello de Vilamartín de Valdeorras, incorporando ó plan principal -en substitución da obra denominada “estrada de Portela e praza en Santa Ana”- a obra denominada “pavimentación e infraestruturas na Portela”, co número 90/POS/2018, cun orzamento total de execución de 107.000,00 € e cunha achega da Deputación Provincial de 48.000,00 €.



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 2

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de xuño de 2018



APEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

3.- APROBACIÓN DO PROXECTO “EMPREGOU II”, PARA A SÚA PRESENTACIÓN Á CONVOCATORIA 2018 DAS AXUDAS DO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO, FORMACIÓN E EDUCACIÓN (POEFE), DESTINADAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A INSERCIÓN DE PERSOAS MÁIS VULNERABLES (AP-POEFE).

- Unha vez vista a Orde PRA/37/2018, do 16 de xaneiro, pola que se aproban as bases reguladoras par a concesión das axudas do Fondo Social Europeo previstas no Programa operativo de emprego, formación e educación destinadas a entidades locais para a inserción de persoas vulnerables.

Vista a Resolución do 23 de marzo pola que se aproba a convocatoria 2018 destas axudas, extracto publicado no BOE número 102, do 27 de abril de 2018.

E, por entender que os obxectivos previstos na convocatoria responden a intereses e necesidades detectadas na provincia de Ourense, a **Xunta de Goberno adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aproba-lo Proxecto “empregOU II” para os efectos de presentalo á convocatoria das axudas anteditas.

2º.- Solicita-la axuda de **1.406.059,34 € (un millón catrocentos seis mil, cincuenta e nove euros, con trinta e catro céntimos de euro)**, cantidade que representa o 80% do presuposto total elixible do Proxecto “empregOU II”, que ascende a **1.757.574,17 € (un millón setecentos cincuenta e sete mil, cincocentos setenta e catro euros con dezasete céntimos de euro)**.

4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN GALLEGA DE FÚTBOL.-

No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 48208-34111, unha subvención nominativa, por importe de 48.500,00 euros, a favor da Delegación da Federación Gallega de Fútbol, para a Copa Deputación de Fútbol e Fútbol Sala.

No Pleno, con data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación das bases de execución do actual orzamento, e baseándose no escrito remitido polo beneficiario, con data 28 de febreiro de 2018, acordouse a corrección do nome do beneficiario da dita subvención, debido á existencia dun erro nas bases de execución do orzamento do exercicio 2018, quedando a favor da Federación Gallega de Fútbol.



(Sinatura do Presidente)

Folho N.º

3

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de xuño de 2018



APEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda** aprobar unha subvención á Federación Gallega de Fútbol, nos seguintes termos:

-Importe: 48.500,00 €.

-Obxecto: celebración da Copa Deputación de Fútbol e Fútbol Sala 2018.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

4

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de xuño de 2018



APEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 30 de setembro de 2018

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BOBORÁS.- No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 46206-33420, a cantidade de 6.000,00 euros a favor do Concello de Boborás, para a edición do premio Antón Losada Diéguez, correspondente ao ano 2018.

Unha vez vista a solicitude formulada pola representante do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Boborás, nos seguintes termos:

-Importe: 6.000,00 euros.

-Obxecto: Edición do Premio Antón Losada Diéguez, correspondente ao ano 2018.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que os gastos xustificadas acadan o 100% da subvención concedida.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

5

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de xuño de 2018



APPEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 31 de agosto de 2018.

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE CENLLE.- No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 450.12/462.15, a cantidade de 10.000,00 euros a favor do Concello de Cenlle, para gastos de bombeo en Razamonde.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

6

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de xuño de 2018



APPEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Cenlle, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00 euros.

-Obxecto: gastos de bombeo en Razamonde.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención acada o 100% do importe da subvención concedida.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

7

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 22 de xuño de 2018



APPEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018.

7.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

8.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás nove horas e vinte minutos, do referenciado día vinte e dous de xuño do ano dous mil dezaioito, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O VICESECRETARIO,